


FAMILIA LÉXICA

Unha **familia de palabras** ou **familia léxica** é un conxunto de palabras que se formaron a partir dunha mesma palabra.

Como por exemplo:



I. Clasifica as seguintes palabras por familias.

Mar

Casa

Marea

Encamiñar


Mariño

Camiñante



Caseiro

Camiñada

caseta



2. Escribe tres palabras que pertenzan á familia léxica de cada unha destas palabras.



3. Sinala en cada fila a palabra que non pertence á mesma familia.

Deporte
Deportivo
Xogador
Deportividade
Deportista

Pan
Panadería
Empanada
Panadeiro
Panda

Pastel
Pastelería
Pasteleiro
Pasta
Pasteliño

4. Le o texto e localiza as 5 palabras que pertencen á mesma familia léxica. Debes escribilas no recadro de abaixo.

Este verán fun de excursión ao campo. Chegamos a media mañá e atopamos un campesiño moi agradable. Como levábamos unha tenda de campaña, acampamos preto da súa casa e amablemente indicounos as rutas campestres máis típicas. Ao día seguinte, fixemos unha longa camiñada e volvemos ao campamento ao atardecer.

As palabras da mesma familia léxica son...